



“ESTATUTOS DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA”

CAPITULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN DA FUNDACIÓN.

Ao amparo do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación de “FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA”, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio atópase afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

ARTIGO 2.- CAPACIDADE XURÍDICA E DE OBRAR.

2.1.- Para o cumprimento dos seus fins e en defensa dos seus intereses e dereitos, a Fundación terá plena capacidade xurídica e de obrar. En consecuencia, con carácter enunciativo e non limitativo poderá adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar e alienar toda clase de bens; celebrar contratos, obrigarse; promover, seguir, opoñerse e desistir dos procedementos que foran oportunos; exercitar as accións, excepcións e recursos que segundo a lei lle correspondan ante toda clase de tribunais, organismos, corporacións, autoridades competentes e entidades, tanto de dereito público como de dereito privado e, en xeral, todos os actos necesarios para conseguir, de acordo coa lexislación aplicable a cada suposto, os obxectivos establecidos nestes Estatutos.

2.2.- A Fundación adquirirá personalidade xurídica dende o outorgamento da Carta Fundacional en escritura pública, unha vez cualificada e inscrita no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 3.- RÉXIME XURÍDICO.

A Fundación rexerese por estes estatutos, polos regulamentos que rexerán a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como polas disposicións legais que lle sexan aplicables; en concreto, pola Lei do Parlamento de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, modificada pola Lei 11/1991, de 8 de novembro, a Lei 3/2002, do 29 de abril de medidas de réxime fiscal e administrativo e o Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, o no seu caso, por as disposicións que as substitúan.

Así mesmo, tamén rexerese polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, polas normas regulamentarias que a desenvolvan, pola Lei 49/2002, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen

fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como polo resto das disposicións legais de dereito civil, mercantil, laboral ou administrativo que sexan de aplicación.

ARTIGO 4.- OBXECTO E FUNCIÓNS.

4.1.- O obxecto principal da Fundación é destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial a que súa denominación e fins se contraen.

4.2.- En xeral, son fins desta fundación:

- O apoio ao sector graniteiro, preferentemente en Galicia, mediante o fomento de investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos e o seu control de calidade.
- A promoción e defensa dun desenvolvemento sostible do sector graniteiro, protexendo o medio ambiente.
- A prestación do apoio tecnolóxico necesario para contribuír á internacionalización das empresas do sector graniteiro, preferentemente as emprazadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A formación, orientación e asistencia tecnolóxica a entidades e particulares en canto ao sector do granito.

4.3.- En concreto, a Fundación xestionará o Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia co seu laboratorio.

ARTIGO 5.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

A Fundación desenvolverá as súas funcións principalmente en Galicia.

ARTIGO 6.- DOMICILIO.

O domicilio da Fundación radicará no Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, Rúa Ribeira, Torneiros, s/n., 36410 O Porriño (Pontevedra).

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao Protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

ARTIGO 7.- BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios da acción da Fundación todas as persoas físicas e xurídicas que de calquera forma teñan relación co seu obxecto nas condicións que de acordo con estes Estatutos e posteriores acordos da Fundación se determinen.

CAPITULO II

DOS ORGANOS DA FUNDACIÓN

ARTIGO 8.- ÓRGANOS DA FUNDACIÓN.

Os órganos da Fundación son O Padroado e O Consello Directivo.

ARTIGO 9.- ÓRGANO DE GOBERNO.

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

ARTIGO 10.- COMPOSICIÓN DO PADROADO

10.1.- O Padroado da Fundación estará integrado por un mínimo de seis e un máximo de doce membros. Os membros serán os seguintes:

- a) Presidente: O Director Xeral con competencia en materia de minas.
- b) Vicepresidente: Designado pola fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
- c) Secretario: Será designado polo presidente.
- d) Tres representantes da Asociación Galega de Graniteiros.
- e) Dous representantes da Asociación de Canteiras de Galicia.
- f) Un representante da Asociación Galega e Fabricantes de Maquinaria para Pedra.
- g) Un representante do Concello de O Porriño que será o Alcalde ou a persoa que este designe.
- h) O Xefe de Servizo de Xestión Mineira da consellería con competencia en materia de minas.

10.2.- Os demais membros do Padroado poderán ser designados polo propio Padroado entre aquelas fundacións, colectivos profesionais, o calquera outras persoas físicas ou xurídicas que sexan propostas polos membros fundadores.

10.3.- Poden ser designados patróns as persoas físicas e xurídicas, a título particular ou por razón do cargo, coas prohibicións contempladas no artigo 6 do Decreto 248/1992.

O cargo de patrón que recaia en persoa física deberá exercerse persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por él designado. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberá axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.

Poderá actuar en nome de quen fose chamado a exercer a función de patrón por razón do cargo á persoa a quen corresponda a súa substitución.

ARTIGO 11.- FUNCIONES DO PADROADO.

11.1. - Serán funcións do Padroado, a título meramente enunciativo:

- a) Sinalar os criterios de actuación da fundación dentro do marco fixado por estes Estatutos.
- b) Adoptar as medidas e disposicións convenientes que garanten o mellor cumprimento dos fines establecidos.
- c) Aprobar os plans xerais, que deben reflectirse nos seus orzamentos anuais que tamén aprobará.
- d) Aprobar o inventario-balance anual, a liquidación do orzamento e a conta de resultados, consecuencia da xestión asistencial e económica da entidade no período anterior.
- e) Aprobar a política de persoal e o seu réxime retributivo.
- f) Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre os bens mobles e inmobles que constitúen o patrimonio da Fundación con respecto ao establecido na lexislación vixente.
- g) Aprobar a memoria anual da Fundación.
- h) Aceptar herdanzas, legados e doazóns. As herdanzas a favor da fundación enténdense aceptadas sempre a beneficio do inventario. As herdanzas e legados a favor da fundación non poden ser repudiadas, nin as doazóns rexeitadas sen a autorización previa e expresa do protectorado. Para a aceptación de legados e doazóns con carga será necesaria, así mesmo, a autorización expresa do protectorado.
- i) Calquera outra función no asignada expresamente a outro órgano.

11.2.- Sen prexuízo do disposto no artigo 20 destes estatutos, o órgano de goberno poderá delegar as súas funcións nun ou máis membros e nomear apoderados xenerais ou especiais con funcións e responsabilidades mancomunadas ou solidarias. Non son delegables a aprobación de contas, a formulación de orzamentos, a alleación e gravame dos bens inmobles nin calquera outro acto que precise autorización ou aprobación polo Protectorado.

ARTIGO 12.- DA DURACIÓN DO CARGO.

12.1.- A duración no cargo dos membros do Padroado, salvo os sinalados nos apartados a), b) y h) do artigo 10, será de dous anos, podendo ser reelixidos sucesivas veces.

12.2.- Ademais das causas legalmente previstas o cese dos membros do padroado producirase nos seguintes supostos:



- a) Por imposibilidade para cumprir o cometido do cargo, apreciada por dous terzos dos restantes membros do Padroado.
- b) Por perder a condición que houbera motivado a súa designación como membro do padroado.
- c) Por cesar no cargo que institucionalmente houbera motivado a súa designación como membro do Padroado.

12.3.- Sempre que se produza o cese dun membro do Padroado, o seu posto será cuberto pola persoa que, no prazo de trinta días designe o membro fundador ou entidade que había nomeado ou cesado.

12.4.- Si durante a existencia da Fundación tivese lugar a extinción dalgunha das entidades fundadoras ou deixase de ser membro da Fundación, os membros do Padroado por ela designados cesarán nos seus cargos respectivos, designándose os substitutos para o resto do mandato polos restantes membros do Padroado, os cales, se o estiman oportuno, poderán reducir o número de membros del, cos límites establecidos no artigo 10.

ARTIGO 13.- ACEPTACIÓN DO CARGO DE PATRONO.

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente ou en certificación do Padroado, coas sinaturas do secretario e presidente, e comunicarse formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 14.- O PRESIDENTE DO PADROADO.

Corresponde ao Presidente do Padroado as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da Fundación e o seu Padroado.
- b) Convocar, presidir, suspender ou levantar as sesións, arbitrar as deliberacións do Padroado e desfacer os empates co seu voto de calidade.
- c) Autorizar a presenza doutras persoas nas reunións do Padroado en calidade de acompañantes dos seus membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións a debater.
- d) Supervisar as operacións da Fundación e presentar ao Padroado os informes que considere oportunos.
- e) Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo padroado.

ARTIGO 15.- O VICEPRESIDENTE.

Corresponderá ao vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, en aqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

ARTIGO 16.- O SECRETARIO.

Son funcións do secretario custodiar a documentación pertencente á Fundación, levantar as actas correspondentes as reunións do Padroado, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios, e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo vogal de menor idade do Padroado.

ARTIGO 17.- FUNCIONAMENTO, CONVOCATORIA E ACORDOS DO PADROADO.

17.1.- Periodicidade das sesións: O padroado reunirse en sesión ordinaria con periodicidade semestral e en sesión extraordinaria cando así o acorde o Presidente por iniciativa propia ou a solicitude dun terzo dos seus membros.

17.2.- Convocatoria: Para a válida constitución das sesións requírese convocatoria por escrito dirixida a cada vogal na que se expresará a orde do día, lugar e hora da sesión, cun mínimo de cinco días de antelación.

No caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderase realizar con vinte e catro horas de antelación por un medio que permita ter constancia. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando estando presentes a totalidade dos seus membros así o acorden. Se fose o caso, o Padroado quedará validamente constituído para tratar todos os temas que unanimemente decidan os membros con dereito a voto, incluídos na orde do día.

17.3.- Acordos: Para que quede validamente constituído o Padroado requírese a concurrencia, presentes ou representados por outros membros do Padroado, da metade máis un dos seus membros. A representación deberá concederse por escrito e con carácter especial para cada reunión.

Os acordos, si a lei non exige un quórum especial, adoptaranse por maioría absoluta e, no caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

No serán válidos os acordos que non consten na orde do día salvo que, por unanimidade dos presentes fora sumado á mesma algún punto que ampare a adopción de acordo.

17.4.- Actas de reunións: As actas das reunións do Padroado serán aprobadas polo propio padroado, a continuación de celebrarse a reunión, na reunión seguinte ou no prazo de quince días a contar dende a data da súa celebración e coa sinatura do secretario co visto e prace do presidente.

ARTIGO 18.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS PATRÓNS.

Entre outras, son obrigacións dos patróns facer que se cumpran os fins da Fundación, concorrer ás reunións ás que sexan convocados, desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de conservación e produción os bens e valores da Fundación, e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nestes estatutos.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados negligentemente, na forma que en cada momento determine a lexislación vixente.

ARTIGO 19.- DO DESEMPEÑO DO CARGO.

Os membros dos órganos de goberno da Fundación exercerán o seu cargo gratuitamente, nos termos sinalados no artigo 8 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

ARTIGO 20.- CONSELLO DIRECTIVO.

20.1.- O Consello Directivo é o órgano ao que se encomenda a administración e xestión ordinaria da Fundación, para o cal exercerá as facultades que se enuncian a continuación e todo canto con elas este relacionado, amplamente e sen limitación algunha, así como aquelas outras que permita a lexislación vixente:

- a) Preparar asuntos e asesorar ao Padroado.
- b) Impulsar programas relacionados co obxecto e fins fundacionais.
- c) Elaborar e propoñer ao Padroado o inventario-balance, memoria anual, e liquidación do presuposto do ano precedente.
- d) Preparar o presuposto anual de ingresos e gastos.
- e) Xestión e administración da Fundación.
- f) Informar regularmente ao Padroado das actuacións levadas a cabo.
- g) Dirixir, xestionar e supervisar a organización e execución das actividades da Fundación.
- h) Xestión ordinaria da Fundación.
- i) Controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado.
- j) Admitir e despedir toda clase de empregados, fixando os seus dereitos, obrigacións, retribucións, gratificacións e demais emolumentos, así como sancionar as súas faltas.
- k) Tramitar os gastos e ordenar os pagos, ata un importe de vinte mil euros por acto.
- l) Concertar e aprobar toda clase de actos e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativo ou de calquera outra clase para a realización dos fins da Fundación, ata un límite por acto ou contrato de setenta e cinco mil euros.



- m) Persoarse nas Oficinas de Correos, Telégrafos e Teléfonos e recoller, por si mesmos ou por medio de outros encargados para o efecto, a correspondencia dirixida á Fundación, xiros ou valores declarados, co carácter de ordinaria ou certificada, e contestar e seguir a correspondencia.
- n) Realizar cantas xestións e dilixencias se precisen en Organismos públicos ou privados, xa sexan do Estado, Entes Autonómicos o Rexionais, Ministerios, Provincia ou Municipio, ou paraestatais especialmente en Delegacións de Facenda, Comercio, Industria, Traballo e Obras Públicas e Vivenda, así como en Aduanas, Zonas Francas, Xuntas de Obras de Portos, Comandancias e Axudantías de Mariña, Consulados, Gobernos Cívís, Comisarías de Policía e Xefaturas de Tráfico.
- o) Cobrar e percibir cantidades que por calquera concepto correspondan á Fundación, aínda que se atopen reflectidas nas ordes o mandamentos de pago, expedidos pola Administración, firmando os documentos que se exixan.
- p) Solicitar e obter para a Fundación e adquirir e explotar patentes, privilexios ou licenzas que teñan relación co obxecto social, incluso exclusivas de fabricación, firmando os documentos e intervindo no trámite dos expedientes precisos.
- q) Comparecer en xulgados, Tribunais, Maxistraturas e Autoridades de calquera clase en asuntos cívís, penais ou administrativos, contencioso e económico-administrativos, gubernativos, laborais, sociais e fiscais en todos os graos, xurisdicións e instancias, coa intervención en toda clase de recursos, incluso de casación e revisión; transixir, desistir, allanarse; intervir en suspensións, quebras e concursos de acredores; aceptar, desempeñar e impugnar nomeamentos; asistir con voz e voto a xuntas de acredores; facer, modificar e aprobar ou impugnar propostas e convenios de calquera clase, restrinxindo incluso a efectividade ou a contía dos créditos; promover esta clase de procedementos e intervir, en xeral neles, coa maior amplitude de facultades.
- r) Firmar cantos documentos públicos e privados se requiran, especialmente enmendatorios, adicionais, complementarios e de rectificación ou ratificación doutros, coas cláusulas, pactos, modalidades, renunciacións e condicións que libremente se concerten.
- s) Obter copias de calquera documento ou escritura na que a Fundación teña lexítimo interese.
- t) Calquera outra función que asuma por delegación do Padroado.

20.2.- O Consello Directivo estará formado por un mínimo de tres membros e un máximo de sete.

20.3.- O réxime e funcionamento do Consello Directivo regularase a través dun Regulamento de Réxime Interno, que deberá ser aprobado polo Padroado, e no que este poderá delegar outras funcións ao Consello Directivo de acordo co disposto no apartado t) do artigo 20.1.

20.4.- No Consello Directivo deberá existir un Coordinador, un Vicecoordinador, un Secretario e un Vicesecretario.

O Coordinador e o Secretario –así como, no seu caso, o Vicecoordinador e o Vicesecretario- terán como función principal a execución e xestión dos acordos, resolucións, decisións e directrices do Consello Directivo, podendo, por tanto, representar á Fundación. En concreto, terán como función principal a execución e xestión dos acordos, resolucións, decisións e directrices do Consello Directivo, podendo, por tanto, representar á Fundación. En concreto, as súas funcións serán as seguintes:

1.- Coordinador:

- a) Convocar e dirixir as sesións do Consello Directivo, así como definir a orde do día a tratar en colaboración co Vicecoordinador e o Secretario e, en xeral, con calquera membro do Consello Directivo.
- b) Executar e xestionar as accións necesarias para asegurar o cumprimento dos acordos adoptados polo Consello Directivo, coordinando a tal fin o equipo humano da Fundación.
- c) Encargarse da xestión ordinaria da Fundación.
- d) Realizar labores de coordinación do Plan xeral de actuación da Fundación con los traballos de las comisións específicas que o Consello Directivo acorde crear. Tales labores realizaranse co comisionado nomeado para cada comisión específica.
- e) En xeral, todas aquelas funcións que se deriven das facultades que se lle outorguen en función do seu cargo.

2.- Vicecoordinador:

- a) Asumir cantas funcións ou proxectos de carácter específico se lle asignen por acordo expreso do Consello Directivo.
- b) Substituír ao Coordinador, asumindo todas as súas funcións, no caso de ausencia deste.

3.- Secretario:

- a) Velar por que o Consello Directivo actúe coa debida dilixencia e cumpra os fins para os que foi creado.
- b) Elaborar as actas, emitir certificacións e custodiar a documentación do Consello Directivo.
- c) En xeral, todas aquelas funcións que se deriven das facultades que se lle outorguen en función do seu cargo.

4.- Vicesecretario:

- a) Substituír ao Secretario en caso de ausencia deste.

Para o exercicio das funcións ostentarán as seguintes facultades:

- a) Con carácter solidario, de modo que podan ser exercidos individualmente por calquera deles:



1. Tramitar os gastos e ordenar os pagos ata un importe de seis mil euros por acto.
 2. Persoarse nas Oficinas de Correos, Telégrafos e Teléfonos e recoller, por se mesmos ou por medio doutros encargados para o efecto, a correspondencia dirixida á Fundación, xiros ou valores declarados, co carácter de ordinaria ou certificada, e contestar e seguir a correspondencia.
 3. Realizar cantas xestións e dilixencias precisen en Organismos públicos ou privados, xa sexan do Estado, Entes Autonómicos o Rexionais, Ministerios, Provincia o Municipio, ou paraestatais especialmente en Delegacións de Facenda, Comercio, Industria, Traballo e Obras Públicas e Vivenda, así como en Aduanas, Zonas Francas, Xuntas de Obras de Portos, Comandancias e Axudantías de Mariña, Consulados, Gobernos Cívís, Comisarías de Policía e Xefaturas de Tráfico.
 4. Cobrar e percibir cantidades que por calquera concepto correspondan á Fundación, aínda que se atopen reflectidas nas ordes ou mandamentos de pago, expedidos pola Administración, firmando os documentos que se esixan.
 5. Solicitar e obter para a Fundación adquirir e explotar patentes, privilexios ou licenzas que teñan relación co obxecto social, incluso exclusivas de fabricación, firmando os documentos e intervindo no trámite dos expedientes precisos.
 6. Comparecer en Xulgados, Tribunais, Maxistraturas e Autoridades de calquera clase en asuntos cívís, penais ou administrativos, contencioso e económico-administrativos, laborais ou sociais e fiscais en todos os graos, xurisdicións e instancias, coa intervención en toda clase de recursos, incluso de casación e revisión; transixir, desistir e allanarse; intervenir en suspensións, quebras e concursos de acredores; aceptar, desempeñar e impugnar nomeamentos; asistir con voz e voto a xuntas de acredores; facer, modificar e aprobar ou impugnar propostas e convenios de calquera clase, restrinxindo incluso a efectividade ou a contía dos créditos; promover esta clase de procedementos e intervenir, en xeral neles, coa maior amplitude de facultades.
 7. Obter copias de calquera documento ou escritura na que a Fundación teña lexítimo interese.
 8. Calquera outra función que asuman por delegación do Padroado ou do Consello Directivo.
- b) Con carácter mancomunado, de modo que para o seu exercicio necesitarase a firma de dúas persoas: a do Secretario ou o Vicesecretario, por un lado, e a do Coordinador ou do Vicecoordinador, por outro.
1. Admitir e despedir toda clase de empregados, fixando os seus dereitos, obrigacións, retribucións, gratificacións e demais emolumentos, así como sancionar as súas faltas.
 2. Tramitar os gastos e ordenar os pagos por importes iguais ou inferiores a setenta e cinco mil euros.
 3. Concertar e aprobar toda clase de actos, contratos e convenios, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativo ou de calquera outra clase para a realización dos fins da Fundación, ata un límite por acto, pago ou contrato de setenta e cinco mil euros.



4. Firmar cantos documentos públicos e privados se requiran, especialmente enmendatorios, adicionais, complementarios e de rectificación ou ratificación doutros, coas cláusulas, pactos, modalidades, renuncias e condicións que libremente se concerten.
5. Executar os acordos adoptados polo Consello Directivo e polo Padroado
6. Prestar e tomar avais e fianzas, ata un límite de setenta e cinco mil euros.
7. Constituir toda clase de depósitos de metálico ou de valores, e provisionais e definitivos, así como retiralos, en todo ou en parte, cando proceda ou se estime conveniente, ata un límite de setenta e cinco mil euros
8. Librar, aceptar, avalar, endosar, descontar, cobrar, intervir e en xeral negociar e protestar letras de cambio comerciais ou financeiras, talóns, cheques e outros efectos; concertar activa ou pasivamente créditos comerciais; dar e tomar diñeiro a préstamo, con ou sen interese e con garantía persoal ou calquera outra, incluso con hipoteca mobiliaria ou inmobiliaria; abrir, seguir, cancelar e liquidar contas de crédito, con garantía persoal ou de valores, mercadorías e efectos comerciais, firmando para iso as pólizas correspondentes; cobrar e pagar intereses; operar con caixas de aforros e bancos, incluso o de España e outros oficiais, nacionais e estranxeiros e entidades similares dispoñendo dos bens, valores e fondos en nestes existentes por calquera concepto. Tódolos poderes reflectidos neste punto oito terán un límite de setenta e cinco mil euros
9. Abrir, seguir, cancelar, e liquidar libretas de aforro e contas correntes, firmando para isto as pólizas correspondentes, sen limitación de condicións; solicitar saldos e extractos de contas e facer, en xeral, canto permitan a lexislación e a práctica bancaria.
10. Calquera outra función que asuman por delegación do Padroado ou do Consello Directivo.

O Coordinador, o Vicecoordinador, o Secretario e o Vicesecretario teñen que responder solidariamente fronte á Fundación dos danos e prexuízo que causen por actos contrarios á lei, aos estatutos e o seu regulamento interno.

CAPÍTULO III

RÉXIME PATRIMONIAL, FINANCEIRO E CONTABLE

ARTIGO 21.- PATRIMONIO.

21.1.- O patrimonio da Fundación poderá estar constituído por bens e dereitos de calquera clase. A súa adquisición, administración e disposición corresponde ao órgano de goberno da Fundación de acordo cos Estatutos e con suxeición ás normas, ás leis e os regulamentos. Poderán adscribirse á Fundación bens e dereitos sen que eso implique a transmisión do dominio.

21.2.- O patrimonio da Fundación quedará reflectido no inventario que revisará e aprobará anualmente o Padroado. Os bens que sexan susceptibles de inscrición, inscribíranse no Rexistro da Propiedade. Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse a seu nome nos establecementos financeiros.



FUNDACIÓN
CENTRO TECNOLÓXICO
DO GRANITO DE GALICIA

21.3.- Os bens que integran o patrimonio fundacional, sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan afectos exclusivamente ao cumprimento directo ou indirecto dos fins fundacionais.

ARTIGO 22.- RÉXIME E RECURSOS ECONÓMICOS.

Os recursos económicos da Fundación conformaranse por:

- a) Dotación inicial.
- b) Os ingresos procedentes da prestación dos seus servizos.
- c) Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas, ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- d) Os ingresos procedentes das sociedades ou empresas en que participe.
- e) Os rendementos do seu patrimonio.
- f) Subvencións, axudas donativos e legados.
- g) Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.
- h) Calquera outro, no marco legal de aplicación.

ARTIGO 23.-ADSCRIPCIÓN DO PATRIMONIO FUNDACIONAL.

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue.

ARTIGO 24.- RÉXIME FINANCEIRO.

24.1.- Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerá de acordo aos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

24.2.- A Fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para o boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Será, en todo caso, necesario formular e levar os seguintes libros e documentación:

- a) Inventario-balance.
- b) Memoria.
- c) Presupostos e a súa liquidación.
- d) Libro Diario.
- e) Libro de Actas.

ARTIGO 25.- ADMINISTRACIÓN.

Queda facultado o Padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da Fundación, de conformidade co que lle aconselle a conxuntura

económica de cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna comunicación ao Protectorado.

ARTIGO 26.- CONFECCIÓN DE PRESUPOSTOS, RENDECIÓN DE CONTAS E MEMORIA DE ACTIVIDADES.

26.1.- Confeccionarase o presuposto correspondente ao ano seguinte, no que se recollerán, con claridade os ingresos e gastos, que deberá ser aprobado polo Padroado e remitido ao Protectorado, acompañado dunha memoria explicativa, antes de finalizar o exercicio anterior.

26.2.- As contas anuais aprobaranse polo Padroado da Fundación e un exemplar do balance, a conta de resultados, a memoria anual e do inventario do ano precedente serán enviados anualmente ao Protectorado, dentro do prazo dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, acompañados de certificación expresiva de que todos eles son fiel reflexo da contabilidade.

26.3.- Se a Fundación se encontrase dentro dos requisitos legais establecidos, as contas anuais someteranse á auditoría externa, remitindo ao Protectorado o informe dela xunto coas ditas contas.

CAPÍTULO VI DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

ARTIGO 27.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.

27.1.- Por acordo do Padroado, poderán ser modificados estes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e que se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente.

27.2.- A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Padroado terá que ser aprobada polo Protectorado e inscrita no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 28.- FUSIÓN CON OUTRA FUNDACIÓN.

28.1.- O padroado poderá propoñer ao Protectorado a fusión da Fundación con outra, logo do acordo concertado para o efecto con esta última.

28.2.- O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado. O acordo de fusión terá que ser comunicado ao Protectorado con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente inscribírase no Rexistro de Fundacións.

ARTIGO 29.- DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN.

29.1.- A disolución da Fundación realizarase por acordo dos membros do padroado o por imposibilidade legal ou material de cumprir os seus obxectivos. No caso de acordo de extinción, e segundo establece o Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, este requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais supoña a maioría absoluta do número dos seus membros, para a adopción de acordos nos que así o estableza expresamente o regulamento, e a ratificación do Protectorado.

29.2.- Así mesmo, a Fundación extinguirase nos supostos contemplados no artigo 39 do Código Civil.

29.3.- O acordo de disolución determinará a forma na que se procederá á liquidación dos bens pertencentes á Fundación, cuxo patrimonio será destinado na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral, sendo aplicable a ditas entidades sen fins lucrativos o disposto no Real decreto 1270/2003 do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nestes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a Fundación expresamente se somete.